

**REGULAMENTO ASEMBLEAS CONGRESUAIS DE NIVEL II**

**CCOO SERVIZOS GALICIA**

**1.- Introducción.**

De conformidade ao Anexo Organizativo da Federación de Servizos de Galicia aprobado na reunión do Consello Federal o pasado 14 de setembro, e en cumprimento das Normas Congressuais aprobadas no Consello Confederal o pasado 11 de xullo de 2016, así como das Normas Congressuais sobre o II Congreso da Federación de Servizos de CCOO, aprobadas no Consello Federal, acórdase o presente Regulamento sobre o desenvolvemento do proceso de asembleas congressuais de NIVEL II do ámbito de CCOO Servizos Galicia.

**2.-Convocatoria de asembleas congressuais. Lugar, data e hora**

O anexo de contido organizativo de CCOO Servizos Galicia acorda convocar as asembleas congressuais de nivel II, formadas polo/s delegado/as electo/as nas asembleas de afiliado/as por seccións sindicais e agrupamentos de Nivel I, establecéndose no punto 3 a aprobación por esta Dirección Provisional deste Regulamento que contén a forma concreta de levar a cabo o debate dos textos propostos coas emendas presentadas nas asembleas de nivel I e o desenvolvemento das votacións para elixir as delegacións á asemblea de nivel III correspondente ao Congreso de CCOO Servizos Galicia.

Achegar como anexo 1 o lugar, data e horario das diferentes asembleas de nivel I.

**3.- Orde do día.**

As asembleas congressuais de nivel II terán a seguinte orde do día:

***1º) Debate das emendas dos documentos congressuais (CS CCOO, Sindicato Nacional de CCOO de Galicia e CCOO Servizos)***

***2º) Elección de delegados/as ao nivel III, Congreso de CCOO Servizos Galicia***

#### **4.- Regulamento das asembleas de nivel II.**

##### **a) Mesa Presidencial das asembleas**

A Mesa presidencial das diferentes asembleas de nivel II estará conformada da seguinte maneira:

- **Nas provincias da Coruña e Pontevedra**, por dúas persoas en representación da Dirección Provisional de CCOO Servizos Galicia, un/ha representante da delegación da asemblea sectorial de maior número de afiliación, un/ha representante da delegación da asemblea sectorial de menor afiliación, e un/ha representante da delegación da sección sindical de maior número de afiliación. Total 5 persoas.
- **Nas provincias de Lugo e Ourense**, por unha persoa en representación da Dirección Provisional de CCOO Servizos Galicia, un/ha representante da delegación da asemblea sectorial de maior número de afiliación, e un/ha representante da delegación da sección sindical de maior número de afiliación. Total 3 persoas.

As funcións da mesa presidencial da asemblea serán, por analoxía, as reflectidas nas normas congresuais para a mesa do congreso.

##### **a) Comisión Técnica**

A Comisión Técnica designada para o proceso congresual de CCOO Servizos Galicia pola Dirección Provisional terá as funcións seguintes:

- I. I. A organización interna da asemblea congresual, contando para iso coas actas das asembleas de primeiro nivel facilitadas pola Secretaría de Organización.
- II. II. Coordinar as comisións da asemblea coa mesa presidencial.
- III. III. Verificar a identidade das persoas delegadas convocadas e entregar a correspondente acreditación. Posteriormente levantará acta destas actuacións, facendo constar o número de persoas convocadas e as efectivamente acreditadas, desagregadas por xénero, que será entregada á mesa presidencial xunto coa correspondente documentación.
- IV. IV. Verificar que as candidaturas presentadas polos delegados e delegadas cumpren os requisitos establecidos no artigo 11 dos Estatutos Confederais e nas Normas Congressuais.
- V. V. Comunicar á mesa presidencial os resultados das votacións.

Para o caso de que algunha das candidaturas presentadas contivese erros susceptibles de ser emendados (falta de requisitos non establecidos expresamente no art. 11 dos Estatutos Confederais) a comisión comunicará á mesa presidencial os erros detectados para que habilite un prazo á persoa que conste como presentadora da candidatura para a súa subsanación.

## b) Comisión de Candidaturas

A Comisión de Candidaturas que se constitúa en cada unha das asembleas de nivel II estará conformada da seguinte maneira:

- **Nas provincias da Coruña e Pontevedra**, por dúas persoas en representación da Dirección Provisional de CCOO Servizos Galicia, un/ha representante da delegación da asemblea sectorial de maior número de afiliación, un/ha representante da delegación da asemblea sectorial de menor afiliación, e un/ha representante da delegación da sección sindical de maior número de afiliación. Total 5 persoas.
- **Nas provincias de Lugo e Ourense**, por unha persoa en representación da Dirección Provisional de CCOO Servizos Galicia, un/ha representante da delegación da asemblea sectorial de maior número de afiliación, e un/ha representante da delegación da asemblea sectorial de menor afiliación. Total 3 persoas.

**A función da Comisión de Candidaturas será a de informar o pleno da Asemblea das candidaturas presentadas ante a Comisión Técnica para as delegacións aos diferentes Congresos, levantando acta onde se indique as candidaturas presentadas e entregaraa á Mesa Presidencial xunto coa correspondente documentación.**

## c) c) Desenvolvemento da asemblea congresual

- As asembleas de nivel II comezarán ás **11,30 horas**, aínda que desde as 11:10 horas comezarán as acreditacións aos/as delegados/as asistentes.
- **O período de acreditacións será de 10:30 a 11:50 horas, comezando no caso de Lugo e Ourense ás 11 horas.**

Ao comezo da asemblea, un portavoz da Dirección Provisional informará ao pleno da composición da Mesa Presidencial, da Comisión Técnica e da de Candidaturas, que deberá ser elixida polas correspondentes delegacións de maneira previa ao comezo da asemblea.

Unha vez comunicada a composición da Mesa, os delegados e delegadas elixidos, previamente, por cada Delegación, de conformidade ao presente Regulamento, accederán á mesa e elixirán no seu seo ao presidente ou presidenta e secretario ou secretaria de Actas.

Ás 11:40 horas, a Presidencia da asemblea ordenará o debate dos documentos congresuais, en primeiro lugar discutiránse os documentos da CS de CCOO en segundo lugar os documentos do Sindicato Nacional de Galicia, e en terceiro lugar os documentos de CCOO Servizos, pasándose a votación as propostas de modificación ou emendas presentadas nas asembleas de nivel I.

Concederanse quendas de palabra a favor das propostas de modificación e dos relatorios, repartindo o tempo de intervención a Presidencia da asemblea, que moderará o debate.

As emendas que se aproben por maioría simple enviaranse ás asembleas de nivel III, así como as minoritarias que obteñan polo menos o 10% dos votos das persoas acreditadas na asemblea.

A Presidencia da asemblea, en función da información que a Comisión Técnica comunique á mesa sobre a marcha das acreditacións, podería fixar outra hora definitiva de peche de entrega de credenciais en función das circunstancias que fosen manifestadas razoablemente, e que impidan a algún delegado ou delegada incorporarse á asemblea.

Antes da hora de inicial de peche prevista, a Presidencia comunicará ao pleno a hora que finalmente acorde para o peche das acreditacións.

Ás 11:50 horas, independentemente de que a presidencia ampliase excepcionalmente a hora de peche das acreditacións, anunciarase o número de avais necesarios que requirirán as candidaturas que se presenten para elixir a delegación ao Congreso de CCOO Servizos Galicia, debendo ser estes o 10% dos/as delegados/as acreditados/as.

Neste momento a presidencia declarará aberto o prazo de **presentación de candidaturas**, fixando **até as 12:20 horas, aínda que continúe o debate das emendas presentadas.**

A Presidencia lerá a acta da Comisión Técnica informando o número de persoas efectivamente acreditadas, desagregando estas por xénero.

Ao termo do prazo, e unha vez verificadas as candidaturas presentadas pola Comisión Técnica, a Presidencia convocará á Comisión de Candidaturas para que se reúna. Na asemblea poderase continuar coas intervencións.

A Comisión de candidaturas, coa información facilitada pola Comisión Técnica levantará acta coa indicación das candidaturas presentadas e designará un portavoz da mesma para a súa lectura á asemblea e presente as súas conclusións sobre a posible unidade das candidaturas.

Se se presentase máis dunha candidatura nalgunha das votacións a realizar, poderá realizarse unha intervención en defensa de cada unha delas. Se se presentase unha única candidatura, tamén se poderá realizar unha intervención de defensa pero nun tempo menor ao previsto para a realización de varias intervencións.

Finalizadas as posibles intervencións, a Presidencia, e dándose un tempo para que a Comisión Técnica elabore as papeletas de cada candidatura, someterá a votación as diferentes candidaturas, mediante papeletas e urnas para asegurar o sufraxio libre e segredo de cada delegado e delegada segundo os Estatutos Confederais, chamando a votación ás persoas acreditadas por delegacións **e en orde de menor a maior número de persoas.**

Posteriormente realizarase a apertura e posterior escrutinio polas persoas da Comisión Técnica.

A asemblea finalizará cedendo a palabra a Presidencia ao portavoz da Comisión Técnica para que dea a coñecer á Asemblea os nomes das persoas elixidas.

**A hora prevista de finalización das asembleas será ás 13.30 horas.**

## ANEXO 1. Asembleas de nivel II convocadas por CCOO Servizos Galicia

ASEMBLEAS DE NIVEL II CCOO SERVICIOS GALICIA	Data	Lugar	Hora	Acreditacións	% Xénero H M	
<b>A CORUÑA</b>	14/02/2017	Avda Alfonso Molina, km 2, 3.º. Edificio de sindicatos A Coruña	11.30	10:30-11:50	45,57	61,29
<b>PONTEVEDRA</b>	15/02/2017	Local CCOO. As Teixugueiras, 11 entreplanta (Navia) Vigo	11.30	10:30-11:50	45,10	54,90
<b>LUGO</b>	16/02/2017	Local Unión Comarcal CCOO Ronda da Muralla, 58. Lugo	11.30	11:00-11:50	37,97	62,03
<b>OURENSE</b>	21/02/2017	Local Unión Comarcal CCOO. R. Parque San Lázaro, 12.3º Ourense	11,30	11:00-11:50	50,63	49,37